

Le os seguintes textos e responde as preguntas que se propoñen ó final de cada un.

Texto 1:

No mundo humano atopamos unha característica nova que semella constituíla marca distintiva da vida do ser humano. O seu círculo funcional non só se ampliou cuantitativamente, senón que sufriu tamén un cambio cualitativo. O ser humano, como se dixésemos, ten descuberto un novo método para se adaptar ó seu ambiente. Entre o sistema receptor e o efector, que se atopan en tódalas especies animais, encontramos nel como, elo intermedio algo que podemos sinalar como sistema «simbólico». Esta nova adquisición transforma a totalidade da vida humana. Comparado cos demais animais o home non só vive nunha realidade máis ampla senón, por dicilo así, nunha nova dimensión da realidade. Existe unha diferenza innegable entre as reaccións orgánicas e as respostas humanas. No caso primeiro, unha resposta directa e inmediata segue ó estímulo externo, no segundo a resposta é demorada, é interrompida e retardada por un proceso lento e complicado de pensamento. [...] ...O ser humano ... xa non vive soamente nun puro universo físico, senón nun universo simbólico. A linguaxe, o mito, o arte e a relixión constitúen partes deste universo, forman os diversos fíos que tecen a rede simbólica, a urdimbre complicada da especie humana. Todo progreso en pensamento e experiencia afina e reforza esta rede. O ser humano non pode xa enfrontarse coa realidade dun modo inmediato; non pode vela, como se dixésemos, cara a cara. ... (O ser humano) en lugar de tratar coas cousas mesmas, en certo sentido conversa constantemente consigo mesmo. Se envolveu en formas lingüísticas, en imaxes artísticas, en símbolos míticos ou en ritos relixiosos, de tal xeito que non pode ver ou coñecer nada senón a través da interposición deste medio artificial. A súa situación é a mesma na esfera teórica que na práctica. Tampouco nesta vive nun mundo de crus feitos ou a tenor das súas necesidades e desexos inmediatos. Vive, máis ben, en medio de emocións e esperanzas e temores, ilusións e desilusións imaxinarias, en medio das súas fantasías e os seus sonos. [...]

Ernest Cassirer, *Antropoloxía filosófica*, F.C.E., México 1974, p.47-49.

- 1) Sinala a función na vida ser humano do sistema simbólico que Cassirer destaca nas primeiras liñas deste texto e que segun el diferencia a vida do ser humano da doutros animais.
- 2) Recolle como se explican no texto as diferenzas entre as respostas orgánicas e as respostas humanas a un estímulo.

- 3) Segundo Cassirer o ser humano non trata coas cousas mesmas, nin vive nun mundo de crús feitos e a tenor das súas necesidades inmediatas, vive nunha dimensión diferente. Recolle as frases do texto nas que se explica a vida do ser humano nesta dimensión da realidade.
- 4) Pon algún exemplo que sirva para explicar que o simbólico mediatiza toda experiencia humana.

Texto 2:

“A clasificación é unha das características fundamentais da linguaxe humana. O acto de designación depende de un proceso de clasificación. Dar nome a un obxecto ou unha acción significa subsumila baixo un certo concepto de clase; si estas subsuncións estiveran xa prescritas pola natureza das cousas sería única e uniforme. Os nomes que atopamos na linguaxe humana non poden ser interpretados de esta forma invariable, non están destinados a referirse a cousas substanciais, entidades independentes que existen por si mesmas. Atópanse determinados, mais ben, polos intereses e os propósitos humanos que non son fixos e invariables. Tampouco as clasificacións que atopamos na linguaxe humana se fan ó azar, fanse en función de certos elementos constantes e recurrentes da nosa experiencia sensible. Sen semellantes recurrencias non teríamos punto de apoio para os nosos conceptos lingüísticos, pero a combinación ou separación de datos perceptivos depende da elección libre de unha trama de referencia.”

Cassirer, *Antropoloxía filosófica*

- 1) Cal é segundo Cassirer a característica fundamental da linguaxe humana?
- 2) Dependén as clasificacións que realizamos coa linguaxe da natureza das cousas ou da natureza da vida humana? Sinala a frase do texto que mellor exemplifique a túa resposta.
- 3) Sinala as consecuencias que se derivan da resposta a pregunta anterior e comparaas coas consecuencias da resposta contraria.

Texto 3:

O poder das palabras é un poder de flexibilidade infinita. As etiquetas lingüísticas son arbitrarias. Cada comunidade lingüística ten algún grao de liberdade no xeito en que delimita as experiencias perceptuais ó asignarlles nomes. Calquera conxunto de exemplos pode ser agrupado baixo unha etiqueta común, forzando así unha pauta específica de xeralización e diferenciación da estrutura conceptual en desenvolvemento do neno. Un neno das Filipinas ten que desenvolver unha organización conceptual que lle permita utilizar noventa e dous termos diferentes para o arroz; o neno esquimal ha discriminar máis de dúcia e media de tipos diferentes de neve. Os símbolos empregados por calquera comunidade lingüística dada reflicten as estruturas perceptuais e simbólicas que lle son máis útiles. Pero as capacidades perceptuais non se alteran pola adquisición dunha linguaxe. Calquera persoa, independentemente da linguaxe que fale, pode distinguir as variedades de arroz que reciben etiquetas especiais na comunidade filipina, inda que non poida nomealas. Polo demais, pode describir estas diferencias simbolicamente -un tipo de arroz máis pequeno, quizá de forma máis ovalada, e de unha cor lixeiramente máis escura- inda que teña que empregar moitas palabras para facelo.

- 1) Un nome ou etiqueta común agrupa distintas experiencias perceptuais. Que consecuencia ten a aprendizaxe dos nomes na estrutura conceptual de nenos e nenas?
- 2) Que significa que as capacidades perceptuais non se alteran pola adquisición dunha linguaxe?
- 3) A diferente categorización da realidade polas diferentes comunidades lingüísticas é un feito o que fai referencia a chamada hipótese Sapir- Worf. Explicaa axudandote dalgúns dos exemplos que aparecen no texto.

Texto 4:

"Hai outro tipo completamente distinto de abstracción que se refire á representación simbólica, ou mediante un código, de estes riscos da percepción sensorial; esta posibilidade se presenta co uso da linguaxe, no que os riscos perceptivos se simbolizan, pero non se representan de modo literal; e así, por exemplo, a palabra vermello non é vermella, e cadro non é cadrada. (...). A diferenza reside en que no uso humano da linguaxe, o propio sistema de símbolos despégase das situacións perceptivas directas que representa; é mais, ao non ter que representar mediante imaxes sensoriais, calquera sistema lingüístico é capaz de maior independencia, con respecto á experiencia perceptiva, que a memoria ou a imaxinación. (Non obstante, está moi claro que a comunicación de ditos símbolos lingüísticos ten lugar por medio da percepción sensorial: a fala ten que oírse, a escritura ten que verse, etc.). No desenvolvemento da linguaxe, a abstracción das contornas de actividade perceptiva ou motora externa directa chega ata o extremo en que se traballa con -ou se manexan- símbolos en lugar de cousas; a palabra e a frase substitúen á cousa ou situación percibida, de tal xeito que esta abstracción lingüística simbólica acada certa autonomía con respecto ás contornas de percepción sensorial directa e acción directa. Esta representación da percepción e da actividade externa directa mediante símbolos, e a formación dunha linguaxe mediante un sistema deles acada, pois, unha abstracción dun tipo enteiramente novo; tense, de feito, un modelo simbólico abstracto da experiencia, cuxos elementos poden manexarse co pensamento, e cuxo alcance non se atopa ligado nin a percepción directa nin ao repertorio de imaxes da memoria ou da imaxinación".

M. W. Wartofsky, *Introducción á filosofía da ciencia*

- 1) Que característica sinala o autor como específica da representación simbólica da percepción?
- 2) Segundo o autor os elementos do sistema de símbolos da linguaxe humana poden manexarse co pensamento. Explica as causas desta posibilidade e as consecuencias para a vida humana.

RESPOSTAS

Texto 1:

1. O sistema simbólico supón un novo método co que o ser humano se adapta ó ambiente. O seu círculo funcional se amplia non cuantitativamente senón cualitativamente respecto o dos animais. Non é que os seres humanos vivamos nun mundo físico maior grande (cuantitativamente) que os animais. Hai animais que viven nun pequeno mundo e outro que se moven, emigran, etc... Hai seres humanos que nunca saíron da vila na que naceron pero poden pensar nunha terra lonxana na que se atopa un familiar, poden pensar en familiares ós que non coñeceron pois hai décadas que morreron, poden pensar nun extraterrestre, nun ser superior que imaxinan ou cren que existe, poden debuxar un dinosario sen ter convivido con el. O mundo humano é cualitativamente diferente o dos animais grazas á súa capacidade simbólica.
2. As respostas orgánicas a un estímulo (ás dos animais e algunhas dos seres humanos en tanto que seres vivos) é inmediata, directa: Tense fame, cómese. Tense frío, búscase abrigo, etc... As respostas humanas non son inmediatas (hai algo no medio entre o estímulo e a resposta, entre a fame e o feito de comer). As respostas humanas están mediadas polo pensamento. O pensamento interrompe ou modela a resposta. Un ser humano ten fame é pensa, por exemplo: xa comerei ó chegar a casa que me están esperando, ou hoxe xa comín bastante e vou engordar, teño que aguantarme, ou non podo comer a esta hora que a miña relixión non mo permite, ou me comería eso que vexo pero non o podo coller porque non teño diñeiro, etc.. A resposta que escollo (comer, non comer, que comer, onde comer, etc) dependerá do que pense máis que da fame en si mesma.
3. Poden valer as seguintes frases: “A linguaxe, o mito, o arte e a relixión constitúen partes deste universo, forman os diversos fíos que tecen a rede simbólica, a urdimbre complicada da especie humana”. “(O ser humano) Se envolveu en formas lingüísticas, en imaxes artísticas, en símbolos míticos ou en ritos relixiosos, de tal xeito que non pode ver ou coñecer nada senón a través da interposición deste medio artificial”. “Vive en medio de emocións e esperanzas e temores, ilusións e desilusións imaxinarias, en medio das súas fantasías e os seus soños”.
4. Volve ler a modo de guía para a autoavaliación o exemplo que está proposto na resposta 2 deste exercicio.

Texto 2:

1. Segundo Cassirer a característica fundamental da linguaxe humana é a clasificación. (Designar ou nomear un obxecto significa incluílo nunha clase ou categoría que clasifica a realidade).

2. Os nomes que asignamos as cousas, as clasificacións que realizamos non dependen desas cousas senón da vida humana, dos nosos intereses. A frase do texto que recolle esta idea é: "Atópanse determinados polos intereses e os propósitos humanos que non son fixos é invariables", tamén na frase anterior: "se estas subsuncións estiveran xa prescrias pola natureza das cousas sería única é uniforme".
3. A consecuencia de que as clasificacións que realizamos dependa dos intereses humanos (que non son fixos nin sempre os mesmos) é que non hai unha única forma de clasificación no mundo nin na historia. Cada época, cada cultura nomea e clasifica a realidade dun xeito diferente. Se as clasificacións dependeran das cousas só habería unha, común para todas as culturas e para todo tempo, só cambiaría se cambiran as cousas.

Texto 3:

1. Forza unha pauta de xeralización e diferenciación o que vai conformando a organización conceptual.
2. Significa que os estímulos sensoriais que afectan a unha persoa non dependen da lingua que fale. A vista, o tacto, o olfato, etc...poden proporcionar a mesma información a dúas persoas que falan linguas diferentes, pero hai información que pode ser despreciada ou non tida en conta e outra resaltada dependendo das categorías da lingua empregada.
3. A hipótese Sapir- Whorf explica que falantes de diferentes linguas conceptualizan o mundo de xeito diferente. Un neno de Filipinas acabará "vendo" noventa e dous tipos de arroz. Se unha persoa doutra cultura e con outra lingua se achega á realidade física dese neno e ten diante todos eses tipos de arroz probablemente so "vexa " arroz, ou arroces de diferentes tamaños e cores, o mesmo acontecería coa neve que "ve" un esquimal.

Texto 4:

1. Que a representación da percepción non é literal (a palabra vermello non é vermella)
2. A causa é que a representación simbólica despégase da realidade que representa (ó non ser literal). A consecuencia é que os símbolos da linguaxe independizándose da realidade física, non se usan necesariamente ligados á percepción nin ás imaxes da memoria ou da imaxinación.